



### assemblage

Uxía P. Vaello (Compostela)

#### A obra

Fai pouco máis dun ano, as bailarinas e coreógrafas **Uxía P. Vaello** (Galicia), Laura Lizcano (Andalucía) e Rafaela Salvador (Portugal), mergulláronse nun proxecto que tiña como tema central a imaxinación, entendida como a sucesión ou movemento de imaxes. E para comezar a "proxectar a súa imaxe ata o palco" comezan por concentrarse na súa descrición física...

#### a compañía

**Uxía P. Vaello** desenvolve o seu traballo en danza contemporánea en Galicia dende 2007, tra-la súa volta de Lisboa, onde cursou estudos de danza na Escola Superior de Danza de Lisboa (2000-2006). En solitario creou *Arder nun Hotel* (2007) e en colaboración con outros artistas: *Play* (2008) e *Rewind* (2009), con Borja Fernández, e *Assemblage* (2009), coa compañía andaluza *Bikini.ducc.*, dirixida por Guillermo Weickert.

#### temas de referencia

A multiplicidade de opcións da danza contemporánea. A ensamblaxe de teatro, danza e audiovisual. A narración con movementos.

#### sesión de adestramento

Mércores **21 de abril ás 20.00 h.**  
En **O Ensanche.**

#### función e faladoiro

Venres **23 de abril ás 21.30 h.**  
Na **Sala Nasa.**

Participan: Uxía P. Vaello e Laura Lizcano.

# OBRADOIRO DO ESPECTADOR

ABRIL MAIO XUÑO 2010

A **Rede Municipal de Centros Socioculturais** presenta **Obradoiro do Espectador**, unha proposta do **Grupo Chévere**, compañía residente na **Sala Nasa**.

O Obradoiro é un espazo de promoción do sociocultural a partir das artes escénicas que se producen e exhiben na nosa cidade, sendo unha **oportunidade de formación e intercambio.**

Unha proposta dirixida tanto a espectadores experimentados como a persoas que queiran iniciarse no goce do teatro. De interese para **estudantes, profesionais e afeccionados** do espectáculo.

O Obradoiro enriquece a experiencia do teatro, porque achega ferramentas para mellorar a comprensión das obras máis actuais, e permite compartir en grupo as nosas inquedanzas e dúbidas e **facilita o contacto directo cos artistas.**

#### actividades

**Sesións de adestramento** funcionan como preparación antes de asistir aos espectáculos. Nas sesións, dunha hora e media de duración, se ofrecen as claves que facilitarán a comprensión da obra seleccionada, situando o autor e a compañía no seu contexto histórico e estético.

As sesións son conducidas por **Xesús Ron**, director da **Sala Nasa** e do **Grupo Chévere**.

**Asistencia ás funcións** A parte fundamental do obradoiro é, por suposto, a asistencia a un espectáculo cada mes. As persoas participantes no obradoiro recibirán entradas para poder asistir ás representacións.

**Faladoiro cos creadores** Como complemento á asistencia aos espectáculos, propoñemos realizar un coloquio inmediatamente despois de ver a obra, con participación dos membros da compañía e dos espectadores participantes no obradoiro.

#### lugares

As sesións de adestramento terán lugar nos **centros socioculturais**. Os espectáculos e o encontro cos creadores terán lugar na **Sala Nasa**.

#### prezo

Público xeral: 8 € cada obradoiro.

Tripulantes Sala Nasa: 3 € cada obradoiro.

O prezo dos obradoiros, inclúen cadansúa entrada para a representación na **Sala Nasa**.

#### inscríbete

Do **12 de abril** ata un día antes do inicio de cada obradoiro, ou completar as prazas dispoñibles. A recepción de inscricións faise nos **centros socioculturais** e na **Sala Nasa**.

#### Información

**CSXM O Ensanche** 981.543.001

**Sala Nasa** 981.573.998

#### enderezos

**Sala Nasa**  
Rúa San Lourenzo 51-53 B.

**CSXM O Ensanche**  
R. Frei Rosendo Salvado 14.

**CSC José Saramago Vite**  
Rúa Carlos Maside 7.

**CSC Fontiñas**  
Rúa Berlín 13.

**CSC Castiñeiriño**  
Virxe de Fátima 1.

**CSC A Trisca**  
Corredoira das Fraguas 92.

**CSC de Conxo**  
Plaza de Aurelio Aguirre 1

[www.compostelacultura.org](http://www.compostelacultura.org)

[www.salanasa.com](http://www.salanasa.com)

[www.santiagosociocultural.org](http://www.santiagosociocultural.org)

### camarada k

Teatre del Mar (Illes Balears)



#### a obra

**Camarada K** recrea algúns dos textos do autor ruso vangardista Daniil Karhms (1905-1942), nun espectáculo que expón o contraste entre a dura vida do autor na época estalinista e a súa delirante obra literaria. As súas miniaturas literarias son ás veces divertidas, pero sempre trágicas. Narran escenas da pobreza e a opresión a través de símbolos fantásticos e satíricos, xerando un mundo imprevisible e desordeado, con situacións absurdas e inexplicables.

### knochenblume

Estela Lloves (Vigo-Berlín)



#### a obra

En cada proxecto, sempre intento entender e ceibarme, e ás veces entender non significa que as cousas sexan tal e como as contan. *Knochenblume*, é un convite para encarnar un tacto inadecuado na mirada. É un convite para experimentar o froito dun intre.

#### a compañía

Desde xaneiro de 2006 **Producións del Mar** faise cargo da xestión da sala Teatre del Mar en Palma de Mallorca, da produción e distribución de espectáculos e do proxecto "Teatre i Literatura". En 2007 estreou o seu primeiro espectáculo para público adulto, *Seqüencies 4 ficcions d'avui*. **Camarada k** é o seu segundo espectáculo e foi unha das 6 obras seleccionadas para circular pola **Red de Teatros Alternativos** durante a tempada 2009/2010.

#### temas de referencia

A Rede de Teatros Alternativos e o teatro alternativo e contemporáneo en España. O teatro europeo de vangarda de Entre-guerras. O teatro ruso revolucionario.

#### sesión de adestramento

Mércores **5 de maio ás 20.00 h.**  
No **CSC de Fontiñas.**

#### función e faladoiro

Venres **7 de maio ás 21.30 h.**  
Na **Sala Nasa.**

Participan: Sergi Baos, Margalida Grimalt, Joan Manel Vadell.

#### a compañía

**Estela Lloves** (Vigo, 1970). Estudos de danza e teatro con Carmen Werner, Elena Córdoba, Olga Mesa, Mónica Valenciano, Andrés Corchero, Min Tanaka, entre outros. Traballou con Matarile, Andrés Corchero, Mai Juku, Cía. Lucas Cranach, El Bailadero. Como creadora ten cinco pezas: Improvisación acerca de la figura y obra de Allen Ginsberg: *La petita inflorescencia de Carmen*, *Rastro (memoria para un andamio)*, *Hoxe na rúa*, *Bom dia Mainó*.

#### sesión de adestramento

Martes **1 de xuño ás 20.00 h.**  
Na **Sala Nasa.**

Nesta ocasión a sesión de adestramento consistirá nunha auténtica inmersión dentro da obra, en compañía da súa creadora, que nos guiará polo espazo escénico e polo espazo imaxinario que nos propón.

#### función e faladoiro

Venres **2 de xuño ás 21.30 h.**  
Na **Sala Nasa.**

Participan: Estela Lloves.